




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa Sur. Sector: Cabo Silleiro-A Guarda. Municipio: A Guarda. Parroquias: San Lourenzo de Salcidos. Extensión: 2,58km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa e granítica de trazado xeral rectilíneo formada por unha secuencia de cantís de pouca potencia e praias de bloques e cantos. A vertente inicialmente caracterízase polas pendentes suaves en gran parte cubertas por materiais coluviais e o tramo de cabeceira correspóndese coa aliñación montañosa granítica da Cordilleira do Torroso.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A área está ocupada predominantemente por granitos de feldespato alcalino, presentando cara ao interior unha banda de frecuentes diques acedos de escasa potencia. Algo máis cara ao interior, ademais, reconécese unha banda descontinua conformada por materiais precámbrico-silúricos asociados ao Complexo de Monteferro - O Rosal (micaxistos migmatizados e conglomerados cuarcíticos). Os materiais cuaternarios son, sobre todo, de orixe coluvial, dispóndose nunha banda paralela á liña de costa, pero non en contacto co mar.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Moi Húmido: temperatura media anual por riba de 15°C, oscilación térmica media entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións que acadan valores medios entre 1400mm e 1600mm ao longo do ano. O Alto do Torroso recibe máis precipitacións chegando a 1800mm e a temperatura media é lixeiramente máis fresca aínda así superando os 14°C.

#### OS SOLOS

Chans en xeral pobres de escaso desenvolvemento en profundidade especialmente na vertente traseira onde predominan as pendentes acusadas moi expostas á erosión. Dominan os regosois e leptosois líticos nos que con frecuencia aflora o substrato granítico como queda patente na cabeceira da unidade, na aliñación montañosa do Torroso. A franxa costeira de menor desnivel e o fondo de valgadas poden presentar solo un pouco máis profundos do tipo cambisol dístrico, favorecidos por achéguelos de ladeira e que manifestan síntomas máis ou menos intensos de podsolización.

#### AS AUGAS

Pequenos sucus debidos á acción fluvial das augas de chorreira sucán as ladeiras dos cantís nesta unidade, sen que destaque ningún curso polo seu caudal. A fronte litoral encóntrase bañada polas Augas Costeiras da Guarda (20103).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Dominio costeiro do hábitat 1230, cantís mariños atlánticos e praias de coídos, e do 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. As vertentes presentan dominio da repoboación forestal, arboredo nas partes medias. Na chaira aparece matogueira dominada polo hábitat 4030, breixos secos europeos. Nas partes altas, ademais do 4030, aparece o 4090 de breixos oromediterráneos endémicos con aliaga e, nas valgadas e alveolos con hidromorfía, os breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix (4020), que en ocasións derivan cara a pequenas turbeiras (grupo 71). Nas cimas dominan os afloramentos rochosos, dando importancia ao grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Pero ocupando espazo co forestal de repoboación é necesario apuntar a existencia de interesantes bosquetes e outras formacións mixtas máis grandes dos hábitats 9330, Sobreiras de Quercus suber e 9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os usos organízanse segundo a compoñente lonxitudinal da unidade. Tras unha primeira liña de cantís nos que se realizan actividades marisqueiras de recollida de percebe, unha segunda franxa que chega até a estrada, onde antes se desenvolvían labores agrícolas, está agora cuberta por vexetación autóctona costeira, fundamentalmente por matogueira. Aquí é onde aparecen os únicos asentamentos dispersos que atopamos na unidade, alternándose tamén con pequenas masas forestais, illadas, de repoboación. Desde a estrada cara ao interior continental, subindo pola forte pendente, unha masa de bosque de repoboación para explotación forestal de notable continuidade ocupa toda a ladeira da cordilleira do Torroso, aínda que na cima se fragmenta, e dá paso a unha cobertura de matogueira propia de formacións vexetais costeiras.

#### MORFOLOXÍA

Non existen núcleos de poboación, aínda que si vivendas unifamiliares illadas e dispersas ao longo da banda de menor pendente e máis próxima ao mar, moitas delas como edificacións auxiliares para os labores produtivos, apoiándose na estrada que percorre o ámbito.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada comarcal PO-552, tamén coñecida como C-550, é a de maior importancia, conectando de norte a sur toda a costa sur. Faino de forma paralela á liña litoral, aproximadamente a uns 400 metros da costa e a 50 metros sobre o nivel do mar, cunha traza recta e practicamente sen pendente. Unha área de descanso únese en Fedorento. A rede viaria tradicional, composta por pequenos carreiros que trezaban as parcelas cultivadas entre o mar e a estrada, actúa como conexión transversal e como elemento de acceso ao mar. Pistas forestais que percorren lonxitudinalmente a ladeira da cordilleira do Torroso distribúen os accesos ás parcelas forestais. Unha área de descanso, de considerable tamaño, vinculada á estrada, sitúase no extremo sur da unidade.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Os petroglifos de Cimo, de Niño do Corvo, de Alto da Camisalva, O Eido na serra de Torroso ou o de Laxe do Can, próximo á ribeira do mar, indican a ocupación prehistórica deste tramo de costa. As cetarias tradicionais dos cantís son os elementos patrimoniais máis representativos, situados en Laxe de Can.



### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade de débil antropización, caracterizada, do mesmo xeito que as contiguas pola súa compoñente lonxitudinal, paralela á costa, estruturada en bandas paralelas diferenciadas pola pendente e os usos sobre o solo. Non presenta ningún núcleo de poboación de consideración, máis aló de certas construcións dispersas por pártea sur do territorio que se apoian nos muros que anteriormente definían a estrutura parcelaria agraria. Destaca a continuidade dos diferentes tecidos que compoñen a paisaxe, xa que desde a estrada cara ao interior continental esténdese unha continua masa arboredo de repoboación pola ladeira de considerable pendente da cordilleira do Torroso, e nas terras baixas entre a estrada e o litoral a vexetación costeira de matogueira case non presenta discontinuidades.

### DINÁMICA DA PAISAXE

A intensa actividade agrícola que se desenvolvía neste territorio fixo que a paisaxe estivese moi construída, cun denso armazón parcelario na zona occidental da unidade, aproximadamente os primeiros 400 metros terra dentro desde a liña de costa. Parcelas pequenas, estreitas e alargadas e de compoñente sensiblemente paralela á costa eran cercadas con peches de pedra que salvaban a considerable pendente natural. Conforme se reduciu o uso agrícola destes espazos, a matogueira foi cubrindo a maioría da superficie costeira, mantendo só algunhas parcelas illadas activas, quedando os devanditos muros como recordo do pasado do territorio. A actividade forestal tamén se viu reducida co paso do tempo, pasándose agora a explotar só as partes intermedias da ladeira.



### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

A cordilleira do Torroso, fito granítico que percorre toda a unidade, configura coa súa ladeira occidental de continua cobertura boscosa a matriz desta paisaxe, actuando de límite interior continental. Trátase dunha formación de especial carga paisaxística, xa que constitúe unha referencia visual constante desde practicamente calquera punto da costa sur atlántica. Serve ademais para delimitar o ámbito, e tanto desde o alto da súa cima como desde os cantís litorais xéranse visuais cruzadas lonxitudinais do territorio. As conexións transversais e desta paisaxe co interior son practicamente inexistentes.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

- |  |
|--|
|  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional |
|  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico                         |
|  Asentamento funcional / Asentamiento funcional                             |
|  Agregado urbano / Agregado urbano   |
|  Nova agrupación / Nueva agrupación                                       |
|  Outras edificacións / Otras edificaciones                                |

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

- |   |
|---|
|  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural                                    |
|  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima |
|  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico   |
|  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico   |
|  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia                 |
|  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos                       |
|  Puntos de observación / Puntos de observación   |
|  Faros / Faros   |





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











#### Espazos de interese / Espacios de interés

- |   |
|---|
|  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico |
|  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón                    |
|  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico     |
|  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera    |

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

- |   |   |
|---|---|
|  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria             |  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje                |
|  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto |  Zona portuaria / Zona portuaria                       |
|  Ferrocarril / Ferrocarril                           |  AVE / AVE   |
|  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías     |  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas |
|  Outras estradas / Otras carreteras                  |  Pistas e camiños / Pistas y caminos                   |
|  EDAR / EDAR   |   |



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



